

Outono

ACTIVIDADES CULTURAIS | PROGRAMACIÓN

CUL TU RA

SETEMBRO | OUTUBRO | NOVEMBRO | DECEMBRO

2025



Concello
de **Foz**

OUTONO 2025 | ACTIVIDADES CULTURAIS

setembro '2025

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
01	02	03	04	05  	06 	07 
08	09	10	11	12   	13  	14
15	16	17	18	19 	20	21 
22	23	24	25	26 	27 	28
29	30					

outubro '2025

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
		01	02	03	04 	05 
06	07	08	09 	10 	11 	12 
13	14	15	16 	17 	18	19
20	21	22 	23 	24 	25	26
27	28	29	30 	31 		

-  Exposición
-  Audiovisual
-  Teatro adulto
-  Teatro afeccionado
-  Actividade infantil
-  Actividade cultural
-  Festa popular



Concello
de **Foz**

novembro '2025

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
					01	02
03	04	05	06	07	08	09
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

decembro '2025

LU	MA	ME	XO	VE	SA	DO
01	02	03	04	05	06	07
08	09	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

OUTONO 2025 | ACTIVIDADES CULTURAIS



Concello
de **Foz**



«Orde de Monte Gaudio en Galicia: O monxe guerreiro chegado de Terra Santa que fixo tremar o bispado de Mondoñedo»

ALBERTO PARAJE MÉNDEZ
Charla-Coloquio

VENRES 5 SETEMBRO

Basílica de San Martiño de Mondoñedo-Foz | 19.00h



«Rutinas»

MAX TEATRO (Ferrol)
FEGATEATRO
Circuíto Galego de Teatro
Teatro afeccionado | Comedia

VENRES 5 SETEMBRO

Casa da Cultura | 20.00h

Prezo: 3€. +50 min

A vida dun matrimonio xira a voltas con as rutinas, e a pesar de todo conseguen chegar a velliños. “Pasámonos a vida queixándonos da rutina, e votámola de menos cando todo nos patina”.

Organiza: Asoc. Teatral Pico do Castro

Colabora: Concello de Foz





Concello
de **Foz**



«Torneo de Petanca»

Campionato deportivo

SÁBADO 6 SETEMBRO

Pistas Municipais de Petanca,
Parque Uxío Novoneyra, Foz.

Organiza: Club de Petanca Praia
A Rapadoira

Colabora: Concello de Foz



«Festa da Peregrina»

Festa popular

6, 7, 13 SETEMBRO

CORDIDO

SÁBADO 6. 13.30h: Misa, procesión e sesión vermú coa orquestra Alianza.
22.30h: Actuación da orquestra Alianza e grupo La Rosa.

DOMINGO 7. 13.30h: Misa, procesión e sesión vermú coa orquestra Acordes.
22.30h: Actuación da orquestra Acordes.


SÁBADO 13. 20.00h: Gran Sardiñada con cachelos, pan e viño, amenizada polo Dúo Belinda.

Organiza: Asociación de veciños de Cordido

Colabora: Concello de Foz



Concello
de **Foz**



«O convento de San Martiño de Mondoñedo na Idade Media (séculos XII a XVI)»

CARLOS ANDRÉS GONZÁLEZ PAZ
Charla-Coloquio

VENRES 12 SETEMBRO

Basílica de San Martiño de
Mondoñedo-Foz | 19.00h



«Vaia Idiotas»

DAMECUERDATEATRO (Ferrol)
FEGATEATRO
Circuíto Galego de Teatro
Teatro afeccionado | Comedia

VENRES 12 SETEMBRO

Casa da Cultura | 20.00h

Prezo: 3€. +50 min

Algunhas afeccións poden ser... crueis, como convidar a descoñecidos para rirte deles. Maquetas e calmantes, editoras literarias e inspectores de facenda, chamadas de teléfono e partidos futbol son ingredientes desta comedia.

Organiza: Asoc. Teatral Pico do Castro
Colabora: Concello de Foz





Concello
de **Foz**



«Despedida do verán»

Festa popular

VENRES 12 SETEMBRO

NOIS

Comida de despedida do verán: 2 ovos, chourizo, patacas, pan, bebida. Animará Conxuro Discomóvil.

10€ (venta anticipada 8€ ata o 10 setembro). Venda de Tickets: Bar do Centro Cívico A Saira. Brais: 677016080. María José: 65705485

Organizan: Agrupación Deportiva San Julián de Nois e Bar Centro Cívico A Saira
Colabora: Concello de Foz



«Globe Story»

TEATRO EL PERRO AZUL

Teatro xestual

SÁBADO 13 SETEMBRO

Praza Conde de Fontao | 20.00h
(no caso de choiva: Sala Bahía)

Teatro xestual e música de piano en directo. +6 anos. Gratuíta. 55 min.

Unha Historia de Amor, unha Histeria de Humor. Un flechazo amoroso une para sempre as vidas de Greta e Max. Terán un fermoso bebé, vivirán a súa lúa de mel nun cruceiro, perseguirán a un amante, bailarán unha tormenta e riranse da enfermidade nun disparatado hospital. Vivirán apaixonadamente as súas cómicas aventuras, ata acabar, literalmente, co corazón na man. Globe Narrativa é algo máis que un espectáculo teatral: unha declarada homenaxe ao cinema mudo. Sen palabras, soa un piano, a nosa pianista toca ao piano pezas musicais compostas e arranxadas especialmente para esta comedia gestual.



Concello
de **Foz**



«Entrañas negras»

DISFUNCIÓN CONTÍNUA

(A Estrada)

FEGATEATRO

Circuíto Galego de Teatro

Teatro afeccionado | Drama

VENRES 19 SETEMBRO

Casa da Cultura | 20.00h

Prezo: 3€. +50 min

Tres irmáns, Isaura, Hortensia e Aurora, velan ó defunto marido da primeira no pazo familiar, no que semella que os reloxos quedaron parados noutro tempo. Filomena, a fiel criada, parece o seu único contacto co exterior. Nunha treboenta noite de agosto, o sobrenatural e o real mestúranse e confunden ó espectador, que descubrirá segredos do pasado que antes ou despois debían aflorar.

Organiza: Asoc. Teatral Pico do Castro

Colabora: Concello de Foz

«Festa do San Campio»

Festa popular

DOMINGO 21 SETEMBRO

FAZOURO | +11.00h

Misa e procesión co grupo de gaitas A Subela de Foz.

Gran Churrascada ao espeto en recinto cuberto con carpa. Prezo: 20€ persoa. Venda de tickets ata o 7 de setembro en: Bar Mariñeiro (Fazouro), Centro Social de Nois e Consello Pastoral de Fazouro.

Organiza: Consello Pastoral de Fazouro

Colabora: Concello de Foz





Concello
de **Foz**



«O Randiña»

PICO DO CASTRO (Foz)

FEGATEATRO

Circuíto Galego de Teatro

Teatro afeccionado | Drama

VENRES 26 SETEMBRO

Casa da Cultura | 20.00h

Prezo: 3€. +50 min

A obra recrea as peripecias dun vagabundo, "O RANDIÑA", no seu afán de evitar que se lle arrebate o único lugar que considera o seu fogar, un banco de praza. Este singular personaxe fará fronte á indiferenza, o abuso e a marxinação tendo como única arma o seu inxenio e astucia, logrando sortear cada situación que se lle presente para saír ben librado. Esta obra invítanos a facer unha análise da nosa vida e do noso papel na sociedade desde unha perspectiva distinta.

Organiza: Asoc. Teatral Pico do Castro

Colabora: Concello de Foz



«Cantos de Taberna»

Festa popular

SÁBADO 27 SETEMBRO

Foz | +20.00h

Cantos de taberna polos bares da vila a partir das 8 da tarde.

Organiza: Asociación folclórica e cultural A Subela

Colabora: Concello de Foz





Concello
de **Foz**



«Curtametraxes Ciclo Mestre Mateo»

SÁBADO 4 OUTUBRO

Cine | Curtametraxes adulto

Casa da Cultura | 18.30h

Entrada Gratuíta. 60 min

A NAI. Rois, 1970. No máis profundo de Galiza, a desaparición dunha cativa fai tremer os cimentos da familia Bandín. Tan só o complexo plan dunha nai desesperada poderá esclarecer o destino final da súa filla.

Duración: 16 min.

VÉXOTE. David e Lola van pasar uns días á casa rural do seu amigo Marcos. No medio da natureza buscan atoparse, verse. *Duración: 19 min.*



PURA. Unha muller volta a casa para recordar(se) e recoñecerse. Colle unha cámara e filma por primeira vez. O retrato da súa nai e da súa avoa é tamén o seu propio retrato. Grazas a elas, reconcíliase co lugar e as lembranzas. *Duración: 25 min. Todos os públicos.*




Academia
Galega do
Audiovisual



CICLO
MESTRE
MATEO



Concello
de **Foz**



«Curtametraxes Ciclo Mestre Mateo»

DOMINGO 5 OUTUBRO

Cine | Curtametraxes infantís

Casa da Cultura | 12.00h

Entrada Gratuíta. 33 min

AVETIMOLOGÍA. A través de imaxes impactantes de guerra e destrución, a curtametraxe explora a conexión entre a humanidade e a natureza, abordando a necesidade de aprender e reconciliarse coa contorna natural. Unha experiencia cinematográfica que conecta o pasado e o presente, lembrando a importancia de preservar a nosa relación coa terra. Un canto á paz e á concordia, onde os paxaros móstrannos o absurdo que son os nosos conflitos fronte ao devir da Terra, confrontando a autodestrución do home fronte á resiliencia da natureza. *Duración: 9 min. +7 anos.*

SINAPSE. Andrea, unha anciá con Alzheimer, recibe a visita da súa filla Marta na residencia na que se atopa. Durante este encontro, terá unha épica batalla na súa mente contra un monstro que simboliza a súa enfermidade. *Duración: 4 min. +7 anos.*

NOITES DE PRATA. Unha noite como tantas outras, Lola sobe ao escenario para gañarse a vida coa súa voz. Navegando na música e guiados polos versos do bolero que entoa, veremos os eventos que a levaron a abandonar Galicia e habitar as terras que baña o Río da Prata. *Duración: 4 min. +7 anos.*



Academia
Galega do
Audiovisual



CICLO
MESTRE
MATEO



Concello
de **Foz**



«Curtametraxes Ciclo Mestre Mateo»

Cine | Curtametraxes infantís


DOMINGO 5 OUTUBRO

Casa da Cultura | 12.00h

Entrada Gratuíta. 33 min

EU VOU COMIGO. A Elisa gústalle Martín, pero parece que Martín non se decata. Estará disposta a renunciar a ser ela mesma para conseguilo? Pagará a pena? *Duración: 7 min. Todos os públicos.*

PLATÓNICO, PLATÓNICA. Ensaio audiovisual sobre as imaxes, o amor e a súa verdade. *Duración: 9'30 min. Todos os públicos.*



«Tres Vellas (na Romaría)»

EXCÉNTRICAS

Teatro adulto

XOVES 9 OUTUBRO

Sala Bahía | 20.30h

Prezo: 5€. Narración Oral. 90 min

Tres dos mellores narradores da escea internacional xuntos falando das súas musas, as súas vellas. O repertorio componse de todo o que rodea o mundo estival das romarías: milagres, romances, ofrendas devotas, relatos humorísticos, un mundo no que se mistura a superstición e o festeiro escepticismo. Parece un mundo esquecido, mais as TRES VELLAS regresan para contalo coa mesma frescura que se fose onte.

ELENCO ARTÍSTICO: José Luis Gutiérrez 'Guti'; Celso Sanmartín; Quico Cadaval.



Academia
Galega do
Audiovisual

**CICLO
MESTRE
MATEO**



XUNTA
DE GALICIA



CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Concello
de **Foz**



«As Neves»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Longametraxe adulto


VENRES 10 OUTUBRO

Casa da Cultura | 20.30h

Entrada Gratuíta. 85 min. + 12 anos.

Na noite de Entroido un grupo de adolescentes celebra unha festa na que se drogan con cogomelos. Ao día seguinte espertan cun temporal de neve e coa noticia de que Paula, unha das rapazas da festa, desapareceu. Mentres, a vila queda incomunicada e cae internet. Cada vez é máis urxente atopala. Comeza unha investigación que causará un profundo cambio nas súas vidas e na súa relación co mundo.

**Finalista nas categorías de: Mellor longametraxe. Mellor guión. Mellor dirección. Mellor dirección de arte. Mellor dirección de fotografía. Mellor interpretación feminina de reparto. Mellor interpretación feminina protagonista. Mellor vestuario. Mellor son. Mellor música orixinal. Mellor montaxe. Mellor dirección de produción. Mellor maquillaxe e perruquería.*



«Festa do Pilar»

Festa popular

11-12 OUTUBRO

A ESPIÑEIRA | 20.00h

Festas na honra da Virxe do Pilar.

SÁBADO 11. 13.00h: Celebración da Palabra, procesión e sesión vermú coa orquestra Salsarena. 22.30h: Verbena coa orquestra Salsarena e Grupo Beatriz.

DOMINGO 12. 13.00h: Misa, procesión acompañada da AFC Subela e sesión vermú co Grupo Da Silva.

Organiza: Asociación Cultural "Virxe do Pilar" da Espiñeira

Colabora: Concello de Foz



Academia
Galega do
Audiovisual



CICLO
MESTRE
MATEO



Concello
de **Foz**



«Filmei paxaros voando»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Documental adulto

XOVES 16 OUTUBRO

Casa da Cultura | 18.30h

Entrada Gratuíta. 100 min. + 12 anos.

Despois de 20 anos vivindo en Barcelona, Zeltia volta a Galicia para filmar a memoria do seu admirado tío Antonio, un artesán textil galeguista gai que viviu intensamente nos anos 80. Este retorno provoca o reencontro coa súa nai Socorro, unha muller moi conservadora á que Zeltia rexeitaba. O repentino empeoramento na saúde de Socorro cambia a mirada de Zeltia, que comeza un camiño de volta a casa complexo, pero tamén cheo de amor, coidados e sanación.

**Finalista nas categorías de: Mellor documental.*



«Sofá»

MARTA ALONSO TEJADA

Teatro adulto / Danza

VENRES 17 OUTUBRO

Sala Bahía | 20.30h

Prezo: 5€. 70 min

Sitcom de danza contemporánea con teatro, circo e música en directo que fala dunha parella. Marta e Pablo coñecéronse bailando e xa non teñen tempo para facelo porque traballan moito. Son incapaces de parar. Cren que van solucionar os seus problemas de desconexión facendo un espectáculo de danza cun sofá. Porque o sofá é o lugar onde se atopan as parellas ao final do día para estar xuntas e descansar. Pero... sempre hai un 'pero'. Toda interrupción é un bo motivo para continuar a súa fuxida cara a adiante. Porque parar supón enfrontarse a si mesmas e abrazar a incerteza, o baleiro.

ELENCO ARTÍSTICO: Marta Alonso Tejada; Pablo Reboleiro Rama.



Academia
Galega do
Audiovisual



CICLO
MESTRE
MATEO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Concello
de **Foz**



«As peripecias de Xurxo»

MALASOMBRA PRODUCCIÓN
Teatro infantil

MÉRCORES 22 OUTUBRO

Casa da Cultura | 18.30h

Gratuíta. 55 min

Historia que fala de malos tratos escolares. Xurxo, un home namorado dos libros e dos contos, vén contar a historia de Saltarina conta a historia de 'Saltarina', un esquío a piques de morrer por culpa da deforestación e a contaminación. O conto dramatizado reflexiona acerca da importancia de preservar os nosos bosques autóctonos e coñecer a flora e fauna de Galicia. Ao esquío acompañana na súa aventura un gaio, tamén chamada pega marza, e un teixugo, ademais de atoparse con máis dunha trintena de animais e plantas que habitan os nosos bosques.

ELENCO ARTÍSTICO: Jouse García



«Boa Sorte, Mala Fama»

TARABELA CREATIVA
Teatro adulto

XOVES 23 OUTUBRO

Sala Bahía | 20.30h

Prezo: 5€. 120 min

Sempre se soubo que as anduriñas son aves de bo agoiro, que alí onde aniñan traen fortuna, que anuncian a primavera e que os mariñeiros as tatuaban na pel por cada travesía da que loxaban retornar. Pouco se fala, en cambio, do molestas que se lle fan a moita xente co seu canto agudo e de que enchen todo de excrementos. Por iso estas aves dan boa sorte, pero teñen mala fama. Ningún outro animal se parece tanto aos emigrantes galegos...

ELENCO ARTÍSTICO: Carmen Conde (narración oral); Mariña Pena (elenco); Nastasia Zürcher (música ao vivo).



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Concello
de **Foz**



«+Cuñados»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Longametraxe adulto


VENRES 24 OUTUBRO

Casa da Cultura | 20.30h

Entrada Gratuíta. 90 min. + 12 anos.

Un cadáver aparece xusto na ponte internacional de Tui. A familia Ribeiro prepárase para desfrutar das festas favoritas de calquera bo ourensán: o Entroido. Pasaron dous anos desde a detención de Alicia Zamora e o seu socio portugués. Os cuñados montaron un posto de polbo en Ourense, a maneira perfecta para branquear os cartos do botín que lles caeu do ceo. Entre unha cousa e a outra, Modesto convertiuse nun membro máis da familia, un cuñado máis...

**Finalista nas categorías de: Mellor longametraxe. Mellor dirección. Mellor dirección de arte. Mellor dirección de produción. Mellor interpretación masculina protagonista. Mellor maquillaxe e perruquería. Mellor montaxe. Mellor música orixinal.*



«Aurora»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Documental adulto

XOVES 30 OUTUBRO

Casa da Cultura | 20.30h


Entrada Gratuíta. 65 min. + 12 anos.

Aurora e Area, mulleres achegadas de mundos totalmente dispares e con gran diferenza de idade entre elas, establecen unha forte relación de intimidade, confianza e profundas conversacións ligadas á morte, a familia, a guerra e o papel da muller.

**Finalista nas categorías de: Mellor documental.*



Concello
de **Foz**



«Poeta en Nova York»

TEATRO BAIXO A AREA
Teatro adulto

VENRES 31 OUTUBRO

Sala Bahía | 20.30h

Entrada Gratuíta. 70 min.

Adaptación teatral de 'Poeta en Nova York', de Federico García Lorca, unha obra permanentemente moderna e de irremediable actualidade, nunha proposta escénica contemporánea, abordando as temáticas e os conceptos presentes no poemario dende a experimentación e a honestidade. O público viaxará con Lorca por un Nova York nada lonxano aos temas actuais da nosa sociedade, vinculándoo coa nosa realidade actual e recollendo a súa labor de denuncia dende o noso compromiso social. O espazo escénico desenvólvese en 360 graos co público no escenario.

ELENCO ARTÍSTICO: Raquel Velasco; Dani Lago; Paloma Lugilde.



«Último verán en Santa Cristina»

TEATRO DO NOROESTE
Teatro adulto

VENRES 7 NOVEMBRO

Sala Bahía | 20.30h

Prezo: 5€. Drama. 95 min

Conta o acontecido a un rapaz de 12 anos que, en 1960, pasa o seu último verán nunha praia preto da cidade na que vive. Moitos anos despois, cando xa é un home adulto, recibe unhas cartas supostamente propiedade da súa nai xa morta e, na lectura destas cartas, rememora o acontecido aquel verán, na sociedade franquista da época, descubrindo as relacións triangulares da súa nai, o seu pai e o partisano que, inevitablemente, rematarán en traxedia.

ELENCO ARTÍSTICO: Xavier Estévez; Maxo Barjas; Miguel Pernas; Manuela Varela; Luma Gómez.



DEPUTACIÓN
DE LUGO **Cultura**
VICEPRESIDENCIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Concello
de **Foz**



«Honeymoon»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Longametraxe adulto

SÁBADO 8 NOVEMBRO

Casa da Cultura | 20.30h

Entrada Gratuíta. 86 min. + 12 anos.

Eva e Carlos son un matrimonio en destrución, unha parella en ruínas. Só Jonás, o fillo que un día tiveron xuntos, os mantíña unidos. Agora Jonás acaba de morrer nun accidente absurdo a miles de kilómetro de casa, nos Estados Unidos, durante unha visita aos avós paternos. A Eva e Carlos xa só os une a necesidade case física de repatriar o cadáver do seu fillo. Só a necesidade case física de perderse de vista, e para sempre, despois.

**Finalista nas categorías de: Mellor longametraxe. Mellor guión. Mellor dirección. Mellor dirección de fotografía. Mellor son. Mellor interpretación feminina de reparto. Mellor interpretación masculina de reparto. Mellor interpretación masculina protagonista. Mellor montaxe. Mellor vestuario.*



«Prefiro condenarme»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Documental adulto

DOMINGO 9 NOVEMBRO

Casa da Cultura | 18.30h

Entrada Gratuíta. 88 min. + 12 anos.

A historia de mil caras de Sagrario, mariscadora na ría de Ferrol, confróntanos cunha nai díscola, unha órbita familiar en perpetuo desasosiego e un xuízo por adúltera aos 33 anos, en 1972, por mor dunha filla que ten co seu amante, un carpinteiro "digno de querer". Tal unha nova Antígona, Sagrario colócase fóra da regra e ao desobedecer reivindica, canda a lei non escrita, o desexo. No fondo, a igualdade coas de "arriba" que ninguén critica.

**Finalista nas categorías de: Mellor documental. Mellor guión. Mellor dirección de fotografía. Mellor dirección de produción.*



Concello
de **Foz**



«GPA (*Galego para abrir mundos*)»

AVELINO GONZÁLEZ

Teatro adulto

VENRES 14 NOVEMBRO

Sala Bahía | 12.00h
(FUNCIÓN ESCOLAR)

Sala Bahía | 20.30h

Prezo: 5€. Narración Oral. 55 min

Unha conferencia-espectáculo sobre a lingua para todas as idades! Un tratado de filoloxía emotiva. Unha sesión de psicoloxía lingüística. Un enredo sobre a morfoloxía e a sintaxe. Un tutorial de como usar a lingua (oral).



«Xustiza artificial»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Longametraxe adulto

SÁBADO 15 NOVEMBRO

Casa da Cultura | 20.30h

Entrada Gratuíta. 98 min. + 12 anos.

O Goberno español anuncia un referendo para aprobar un sistema de Intelixencia Artificial na Administración de Xustiza que promete automatizar e despolitizar a xustiza substituíndo, na práctica, aos xuíces e xuízas en todos os tribunais do país. Carmen Costa, unha recoñecida xuíza, é convidada a traballar no desenvolvemento do proxecto, pero a repentina desaparición de Alicia Kóvack, creadora do sistema, provoca unha gran desconfianza nela, ata o punto de entender que está a descubrir a punta do iceberg dunha conspiración que pretende controlar, desde a xustiza, a todo un país.

**Finalista nas categorías de: Mellor longametraxe.*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Academia
Galega do
Audiovisual



CICLO
MESTRE
MATEO



Concello
de **Foz**



«Bulebule»

OS NÁUFRAGOS

Teatro infantil / Comedia

DOMINGO 16 NOVEMBRO

Sala Bahía | 12.00h

*Entrada infantil: 2€; Adulto: 3€.
45 min. +4 anos.*

Bulebule é o novo espectáculo para público infantil sobre o TDAH (trastorno do déficit de atención con hiperactividade). A Candela encántalle o mar e soña con ser patroa dun barco, que quere construír ela mesma. Ser patroa non é unha tarefa doada e facer un barco, tampouco. A Candela gústalle moito pasar tempo co seu amigo Bruno, quen vive nun faro e sente verdadeira paixón por compoñer música. Candela, a quen chaman Bulebule, ten TDAH. Bulebule é unha fermosa obra que explora os camiños da igualdade, destacando o esforzo das mulleres por derrubar as barreiras que lles impiden acceder a determinadas profesións.



«Salvaxe, salvaxe»

Ciclo Mestre Mateo

Cine | Documental adulto

DOMINGO 16 NOVEMBRO

Casa da Cultura | 18.30h

Entrada Gratuíta. 86 min. + 12 anos.

«Cheiras iso?» A cámara adéntrase nos montes da Galiza e o norte de Portugal entre murmurios. Para tecer os sinais que deixa a vida salvaxe hai que agudizar os sentidos. 'Salvaxe, salvaxe' rastrea imaxes e ausencias do lobo ibérico, enfrontándose a unha historia audiovisual feita de imaxes simulacro do natural salvaxe. Este ensaio fílmico é un anti-documental de natureza: nel aparecen lobos que devolven a mirada a cámara aterrorizados e humanos que saben ouvear. Todas as criaturas deixamos rastros neste baile coidadoso de rastrexadores rastrexados.

**Finalista nas categorías de: Mellor documental*

 XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE

 REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

 AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

 Academia
Galega do
Audiovisual

 CICLO
MESTRE
MATEO



Concello
de **Foz**



«Yo solo quiero irme a Francia»

CONTRAPRODUCCIÓN SL
Teatro adulto / Comedia

VENRES 21 NOVIEMBRE

Sala Bahía | 20.30h

Prezo: 5€. 90 min. + 14 anos. Castelán.

Hai herdanzas emocionais que ninguén reclama, pero que adoecen a xeracións, como as que acompañan aos catro personaxes desta obra: Pilar, anciá que só é capaz de enfrontarse á vida no seu propio velorio; Marisol, que foxe para atopar un lugar onde librarse da culpa; Leo, que viaxa polo mundo escapando do desexo de ter un fogar; e Inés, quen, na súa obsesión por indagar no pasado, espera entenderse a si mesma. En realidade, todas elas buscan ese lugar que imaxinan. Algúns o chamamos liberdade. Outros o chamaron Francia.

ELENCO ARTÍSTICO: María Galiana; Nieve de Medina; Ledicia Sola; Alicia Armenteros.



«Tradicional Concerto de Santa Icia»

BANDA DE MÚSICA DE FOZ
Música

SÁBADO 29 NOVIEMBRE

Sala Bahía | 20.00h

Organiza: Banda de Música de Foz

Colabora: Concello de Foz



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Concello
de **Foz**



«Acendido da iluminación do Nadal»

Festas do Nadal

VENRES 5 DE DECEMBRO

Rúas de Foz | 18.30h

Organiza: Concello de Foz



«9ª Gala Solidaria Pro-Cáritas»

O CENTIÑO

Teatro adulto

SÁBADO 13 DECEMBRO

Sala Bahía | 19.30h

O Grupo de Teatro O CENTIÑO
representará unha obra de teatro.
No descanso da representación
actuarán as Pandereteiras de A Subela.

Organiza: Grupo de Teatro O Centiño

Colabora: Concello de Foz



Concello
de **Foz**



«Meco e Sono»

XAROPE TULÚ

Teatro infantil / Comedia

DOMINGO 14 DECEMBRO

Sala Bahía | 12.00h

*Entrada infantil: 2€; Adulto: 3€.
45 min. Teatro para bebés: 0-3 anos.*

Teatro sensorial de bonecos e creación sonora coa voz da escritora e xornalista radiofónica Xiana Arias. Fedello é un bebé que non durme. Parece que lle teme á Noite. Pero a Noite só quere coidalo e que descanse e envía dúas amigas para lle axuden durmir: Meco Sono. Cando Fedello di: “teño meco, sono” aparecen as dúas ao seu carón para mecelo e cantarlle uns arrollos. Coa axuda de Meco e Sono o noso Fedello non só consegue acougar e durmir, senón que tamén se fai amigo da Noite.

ELENCO ARTÍSTICO: Atenea García; Xiana Arias.



«Esperando ao doctor Monifate... con Lombao»

SOLITARIA DO DR. MONIFATE

Teatro infantil

DOMINGO 28 DECEMBRO

Sala Bahía | 12.00h

Gratuíta. 45 min.

Parece que o Dr. Monifate chega tarde á función. Lombao está a agardalo no escenario e precisa facer tempo mentras non chega. Quedou de levar animais para amosarlles aos nenos pero o asunto complicouse e non puido levar ningún, así que terá que ir facendo tempo e entretendo aos nenos entrementes non chega o actor principal. Como Lombao é un novo home de campo tratará de contarlles e cantarlles as súas experiencias cos animais e cos elementos da natureza, debuxando unha paisaxe rural.

AUTOR, DIRECTOR E ACTOR: Gustavo Fouce.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



DEPUTACIÓN
DE LUGO
Vicepresidencia

Cultura



Concello de **Foz**

CONCELLARÍA DE CULTURA

Av. Álvaro Cunqueiro, 24

FOZ 27780 (Lugo)

982 140 027

cultura@concellodefoz.es



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
CULTURA, LINGUA
E XUVENTUDE



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Xacobeo



camino
escena
norte



Academia
Galega do
Audiovisual



CICLO
MESTRE
MATEO